



Expediente núm.: 24/2022

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2021-2022

Categoría: Auxiliar de axuda no fogar

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. A traballadora social deste Concello en datas 03.01.2022 e 16.02.2022 emite informes – proposta sobre a necesidade urxente e inaprazable, de levar a cabo a contratación de dous/as (2) auxiliares de axuda no fogar con carácter temporal, para poder seguir prestando os servizos ós usuarios cos que estamos comprometidos por ter o dereito recoñecido pola Lei de dependencia. A necesidade urxente e inaprazable baséase, segundo os ditos Informes, en atender as necesidades do servizo, motivado polas diversas baixas por incapacidades temporais e o inicio do goce dos períodos de vacacións do ano 2022.
2. O 25.02.2022 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0859 de data 28.12.2021. As ditas contratacións temporais deberán cubrir exclusivamente o tempo que duren as anteditas baixas de incapacidade temporal e o goce dos períodos de vacacións do ano 2022, ou ata que coa incorporación dalgunha/s das traballadoras substituídas se poida restablecer o normal funcionamento do servizo. A contratación temporal non poderá superar, en ningún caso, a vixencia da Bolsa de emprego (artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2021-2022), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2022. As contratacións serán con carácter de persoal laboral temporal, mediante contratos de obra ou servizo determinado, grupo V, en réxime de dedicación a tempo completo e, cando sexa o caso coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410). Se ben, a modalidade de contratación rexerese pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se formalice dita contratación. A entrada en vigor do Real Decreto – lei 32 / 2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, prevé un réxime transitorio (disposición transitoria cuarta) aplicable ós contratos de duración determinada celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022: *“Os contratos para obra e servizo determinado e os contratos eventuais por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022, rexeranse pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se concertaron e a súa duración non poderá ser superior a seis meses.”* Estes contratos rematarán na data que se indique no clausulado do contrato de traballo e non poderán ser prorrogables
3. A Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0859 de data 28.12.2021, establece o que copiado literalmente di:

“Oitavo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE

Data de Sinatura: 25/02/2022
HASH: 0673c44afcbcd1f0db2e7dd227ceaa



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR

Data de Sinatura: 25/02/2022
HASH: 9665d207ede6561dc6aae4c21851e168



RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2022-0173 Data: 25/02/2022



Cod. Validación: 79QYSNG9W35LLHMCJTWCC4ZK5 | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2021-2022(artigo 15):

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECEMENTOS		PROBA DE GALEGO	TOTAL PUNTOS
						EXAME TIPO TEST	SUPOSTO PRÁCTICO		
1	González Nanín, Ana María	0509	5,00	1,80	0,50	4,20	3,00	EXENTO	14,50
2	Pérez Martínez, Lorena	8882	2,40	0,40	1,00	3,60	3,60	EXENTO	11,00
3	Batista Rodríguez, Narjara	4650	0,50	0,00	0,50	4,20	5,00	EXENTO	10,20
4	Sánchez Vázquez, María José	8158	2,60	1,00	0,50	3,00	3,00	EXENTO	10,10
5	Castro Forján, María Silvia	9817	0,00	1,20	1,00	3,60	4,20	EXENTO	10,00
6	Noguerol Fernández, Rubén	7718	0,60	0,70	0,50	3,60	4,20	EXENTO	9,60
7	Pérez Rodríguez, María del Pilar	5938	0,00	1,50	1,00	3,00	3,60	EXENTO	9,10
8	Vázquez García, Carmen	5521	0,09	1,70	0,50	3,60	3,00	EXENTO	8,89
9	Mira Rodríguez, Rosana	9607	0,20	0,00	0,50	3,60	4,20	EXENTO	8,50
10	Mariñez Rodríguez, Margarita	5707	0,78	0,00	0,00	3,00	3,60	Apto	7,38
11	Ramos Rebollo, Juana	7382	0,60	0,60	0,00	3,00	3,00	Apto	7,20
12	Canal Fraga, Isabel	6161	5,00	2,00	0,50	3,60	4,20	EXENTO	15,30

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello."

Vistos os Informes emitidos pola traballadora social deste Concello e polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir dous (2) postos de traballo na categoría de "auxiliar de axuda no fogar", mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de emprego xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2021-2022, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0173 Data: 25/02/2022



Cod. Validación: 79QYSNG9W35LLHMCJTWCC4ZK5 | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Primeiro.- Aceptar a renuncia á contratación para o posto de traballo de “auxiliar de axuda no fogar”, presentadas polos/as aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que figuran segundo a orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0859 de data 28.12.2021:

1. Ana María González Nanín, con DNI núm. 0509
2. Lorena Pérez Martínez, con DNI núm. 8882
3. Narjara Batista Rodríguez, con DNI núm. 4650
4. María José Sánchez Vázquez, con DNI núm. 8158
5. María Silvia Castro Forján, con DNI núm. 9817
6. Rubén Noguerol Fernández, con DNI núm. 7718
7. María del Pilar Pérez Rodríguez, con DNI núm. 5938

Segundo.- Proceder á contratación para o posto de traballo de “auxiliar de axuda no fogar”, dos/as aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que figuran na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0859 de data 28.12.2021 por orde de puntuación:

- Carmen Vázquez García, con DNI núm. 5521
- Rosana Mira Rodríguez, con DNI núm. 9607

Terceiro.- Contratar ós/ás anteditos/as aspirantes con data de inicio do contrato 01 de marzo de 2022, indicando que a dita contratación temporal cubrirá exclusivamente o tempo que duren as baixas de incapacidade temporal e o goce dos períodos de vacacións correspondentes, detalladas nos Antecedentes desta Resolución, ou ata que coa incorporación dalgunha/s das traballadoras substituídas se poida restablecer o normal funcionamento do servizo de Axuda no Fogar.

E determinar que a data límite desta contratación, en ningún caso, poderá superar a vixencia da Bolsa de Emprego (artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2021-2022), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2022.

Cuarto.- Cumprir co disposto na disposición transitoria cuarta do Real Decreto – lei 32 / 2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, en canto á duración máxima dos contratos de duración determinada celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022.

A duración desta contratación non poderá ser superior a seis meses, e non será prorrogable.

Quinto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, grupo V, en réxime de dedicación a tempo completo e coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410), segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Sexto.- Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:





**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

CATEGORIA	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
Nº traballadores	2
Aplicación orzamentaria	231.131.12
Tipo de contrato	Contrato de traballo por Obra ou servizo determinado. Coa cláusula específica de interinidade (codigo contrato 410).
Xornada	100.00%
CNAE-Ocupación	8411
Retribucións brutas / Mes por traballador/a	1.327.48 €
S.S. Empresa /Mes por traballador/a	418.82 €
CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR/A	1.746.30 €
CUSTE TOTAL MENSUAL	3.492.60 €

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 2,00 % sobre as retribucións do ano 2021, aprobado pola Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 (BOE núm. 312 do mércores 29 de decembro de 2021).

Sétimo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2021-2022(artigo 15):

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECEMENTOS		PROBA DE GALEGO	TOTAL PUNTOS
						EXAME TIPO TEST	SUPOSTO PRÁCTICO		
1	Pérez Martínez, Lorena	9882	2,40	0,40	1,00	3,60	3,60	EXENTO	11,00
2	Batista Rodríguez, Narjara	.4650	0,50	0,00	0,50	4,20	5,00	EXENTO	10,20
3	Sánchez Vázquez, María José	8158	2,60	1,00	0,50	3,00	3,00	EXENTO	10,10
4	Castro Forján, María Silvia	3817.	0,00	1,20	1,00	3,60	4,20	EXENTO	10,00
5	Noguerol Fernández, Rubén	7718	0,60	0,70	0,50	3,60	4,20	EXENTO	9,60
6	Pérez Rodríguez, María del Pilar	5938	0,00	1,50	1,00	3,00	3,60	EXENTO	9,10
7	Mariñez Rodríguez, Margarita	5707	0,78	0,00	0,00	3,00	3,60	Apto	7,38





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

8	Ramos Rebollo, Juana	7382	0,60	0,60	0,00	3,00	3,00	Apto	7,20
9	Canal Fraga, Isabel	6161	5,00	2,00	0,50	3,60	4,20	EXENTO	15,30

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Oitavo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2022-0173 Data: 25/02/2022



Cod. Validación: 79QYSNG9W35LLHMCJTWC42X5 | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5